



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Estado de saúde das poboacións de moluscos e a xestión dos recursos marisqueiros.

CONVOCATORIA: 1ª conv AUTONOMICO

GRUPO: Consellería de Mar

ÁREA: Consellería de Mar

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/02/2025 - 09:00h ao 27/02/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Prover aos técnicos que están a traballar cos plans de xestión de moluscos bivalvos do coñecementos e información ao respecto do desenvolvemento de programas de control e seguimento do estado de saúde das poboacións de moluscos. Revisaranse, dun xeito aplicado e cun enfoque multidisciplinar, aspectos relacionados coa anatomía e patoloxía dos moluscos, así como cos factores ambientais (oceanografía física) que poden condicionar o benestar das poboacións. Trataranse diferentes estudos de caso referidos a episodios de mortalidade anormal asociados a patoloxías que afectaron ás especies de moluscos máis relevantes no marisqueo en Galicia.

DESTINATARIOS

- 1.- Técnicos/as da Consellería do Mar que coñecidos como biólogos de zona (TFRRMM) e coordinadores técnicos.
- 2.- Persoal investigados do CIMA ou do INTECMAR vinculados á xestión dos recursos marisqueiros.
- 3.- Técnicos da Consellería do Mar vinculados á xestión dos recursos marisqueiros e/ou acuicultura de moluscos.
- 4.- Resto de persoal técnico da Consellería do Mar.

PROGRAMA

Día 1: Introducción á problemática das reducións de abundancia dos recursos marisqueiros ao longo da historia

Sesión 1.1.- Historia da humanidade en relación co aproveitamento dos moluscos bivalvos.

Contidos: farase un paseo pola historia dos moluscos bivalvos, centrado no aproveitamento que os humanos veñen facendo deste recurso mariño dende os inicios da humanidade ata o presente, poñendo o foco nas dinámicas que favoreceron a aparición de enfermidades e na evolución da patoloxía de moluscos como ciencia recente.

Sesión 1.2.- A Unidade de Patoloxía do Intecmar.

Contidos: Presentarase a labor do Intecmar, a través da Unidade de Patoloxía, no seguimento do estado de saúde dos bancos marisqueiros e no estudo de mortalidades anormais. Dotarase aos técnicos de recomendacións para a elaboración dos informes de solicitude de ensaios. Amosarase a información da U. de Patoloxía que se pode atopar na páxina web (informes, atlas de histopatoloxía...). Explicarase ademais o obxectivo da sesión 6 para que ao longo do curso os técnicos vaian valorando incidencias/problemas a presentar na posta en común final.

Día 2: Aspectos anatómicos e fisiolóxicos dos moluscos con consecuencias para a súa xestión

Sesión 2.- Anatomía de moluscos bivalvos aplicada á xestión.

Contidos: repasarase a anatomía dos bivalvos en xeral, incidindo naqueles aspectos que deben ser coñecidos polos técnicos para unha mellor detección e interpretación de certas anomalías e situacións que se dan en bancos galegos. Incluirase a explicación das causas da acumulación de chumbo nalgúns bivalvos. Incluirase unha parte práctica con exemplos de casos de interrupción de crecemento e outras alteracións nas valvas, diferenza entre valvas de berberecho común e berberecho birollo e de acumulación de chumbo en reloxo (*Dosinia exoleta*).

Día 3: Estado de saúde das poboacións de bivalvos

Sesión 3.1.- Introducción ao concepto de enfermidade e a súa avaliación.

Contidos: revisarase o concepto de saúde e enfermidade referido ao caso dos moluscos, as causas principais de enfermidade, aspectos básicos relacionados co seu estudo.

Sesión 3.2.- Enfermidades de moluscos bivalvos.

Contidos: Revisaranse os distintos tipos de organismos simbioses e alteracións patolóxicas que se detectan en moluscos bivalvos en Galicia poñendo o foco nos que poden causar enfermidades. Haberá unha parte práctica na que se traballe con valvas de bivalvos para amosar exemplos de alteracións asociadas a axentes parasitos (anel marrón, interrupción de crecemento por larvas de trematodos, inclusións calcarias no interior das valvas...).

Día 4: A importancia do enfoque multidisciplinar para abordar os estudos de eventos de mortalidade anormal en bancos marisqueiros.

Sesión 4.1- Importancia da oceanografía física para entender a riqueza e mortalidade do marisco nas rías.

Contidos: esta parte da sesión centrarase nunha explicación do funcionamento do sistema de circulación das masas de auga nunha ría, o seu acoplamento coa circulación atmosférica e os efectos que teñen as distintas situacións nos moluscos bivalvos favorecendo a riqueza marisqueira; pero tamén causando mortalidades masivas en determinadas circunstancias.

Sesión 4.2-Estudo de caso 1: Eventos de mortalidade anormal en bancos marisqueiros de Galicia asociados a patoloxías: A ameixa rubia na Ría de Vigo

Contidos: trataranse os episodios de mortalidade anormal nos bancos de ameixa rubia da Ría de Vigo e os resultados que aportou o estudo multidisciplinar levado a cabo.

Día 5: Estudo de caso 2: Eventos de mortalidade anormal en bancos marisqueiros de Galicia asociados a patoloxías: A marteiliose do berberecho

Contidos: realizarase un percorrido retrospectivo centrado no estudo do estado de saúde das poboacións de berberecho de Galicia, recapitulando as principais patoloxías detectadas para contextualizar a importancia que supuxo a irrupción do novo parasito *Marteilia cochillia*, axente causal da epidemia de marteiliose que asolou os bancos de berberecho nas rías de Arousa, Pontevedra e Vigo. Revisarase o coñecemento adquirido, especialmente no que se refire á epidemioloxía da marteiliose e as súas implicacións.

Día 6: Integración de aspectos patolóxicos na xestión práctica dos recursos marisqueiros (Taller de traballo)

Sesión 6.1- Visita ao laboratorio da Unidade de Patoloxía do Intecmar.

Contidos: antes de iniciar o taller de traballo farase unha visita ao laboratorio da Unidade de Patoloxía do Intecmar e explicarse brevemente a técnica de ensaio para que os técnicos coñezan todas as fases do procesado da mostra e entendan a demora na recepción dos informes de resultados.

Sesión 6.2- Taller de traballo e posta en común.

Contidos: para rematar o curso propónse realizar un taller de traballo no que os técnicos asistentes poñan en riba da mesa casos/problemas que detecten nos bancos dos que controlan a xestión para posta en común. Os docentes recollerán os problemas expostos para elaborar un documento no que traballar a posteriori identificando posibles explicacións, ou técnicas/estudos que permitirían abordalos, para tentar dar unha primeira resposta ou orientación técnica. Tamén tratarase de mellorar o protocolo de actuación entre os biólogos de zona e a Unidade de Patoloxía do INTECMAR no que se refire a eventos de mortalidade potencialmente asociados a problemas patolóxicos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 1.- Técnicos/as de la Consellería del Mar que conocidos como biólogos de zona (TFRRMM) y coordinadores técnicos.
- 2.- Personal investigador del CIMA o del INTECMAR vinculados a la gestión de los recursos marisqueros.
- 3.- Técnicos/as de la Consellería del Mar vinculados a la gestión de los recursos marisqueros y/o acuicultura de moluscos.
- 4.- Resto de personal técnico de la Consellería del Mar.

3. DATOS EDICIÓN

INTECMAR

LOCALIDADE: Vilagarcía de Arousa

INICIO / FIN: 02/06/2025 a 11/06/2025

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 11/06/2025 ás 13:30h

DOCENTES NOMEADOS

David Iglesias Estepa

Nicolás Villacieros Robineau

Susana Darriba Couñago